



FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA  
PARA A TUTELA  
DE PERSOAS ADULTAS

# FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA PARA A TUTELA DE PERSOAS ADULTAS

**Memoria de actividades- Contas Anuais 2022**



## ÍNDICE

### 1. ORIXES

### 2. SITUACIÓN TRAS A ÚLTIMA MODIFICACIÓN ESTATUTARIA

### 3. FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA PARA A TUTELA DE PERSOAS ADULTAS (FUNGA)

- FINALIDADE
- ÁMBITO DE ACTUACIÓN
- BENEFICIARIOS/AS
- DOMICILIO
- ESTRUTURA ORGANIZATIVA E RECURSOS HUMANOS
- ORGANIZACIÓN INTERNA DO TRABALLO

### 4. ACTIVIDADE DA FUNGA DURANTE O EXERCICIO 2022

- ACCIÓNS VENCELLADAS DIRECTAMENTE AOS FINS DA FUNDACIÓN
- ACTIVIDADES FUNDACIONAIS
- ACTIVIDADES DE XESTIÓN

### 5. CONCLUSIÓNS



## 1. ORIXES

A Fundación Galega para a Tutela de Adultos, foi constituída mediante escritura pública o día 18 de outubro de 1996, ante a necesidade de prestar unha atención persoal, xurídica e patrimonial especializada ás persoas maiores de idade coa súa capacidade de obrar modificada xudicialmente ou incursas nun procedemento xudicial de modificación da capacidade de obrar, e das que os xulgados atribúen á Xunta de Galicia a obriga de prestarlles os apoios e/ou protección que se estimen precisos mediante as figuras xurídicas da tutela, curadoría, defensa xudicial ou administración de bens.

A Fundación foi clasificada como mixta por Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública do 19 de decembro de 1996 e adscrita ao Protectorado da antedita Consellería.

Foi declarada de interese galego por Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública do 10 de xaneiro de 1997 e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 1996/14.

No ano 2004 modificáronse os seus Estatutos fundacionais, por escritura notarial outorgada en Santiago de Compostela de data 26 de novembro de 2004, co fin de adaptalos ás esixencias normativas.

No ano 2005, por acordo do Padroado, efectuáronse dúas novas modificacións estatutarias, ambas relativas ao artigo 12 dos Estatutos, unha en data 10 de maio e outra o 7 de novembro.

Por orde do 21 de marzo de 2006 modificouse a clasificación da Fundación Galega para a Tutela de Adultos, definíndose como benéfico-social e se adscribiu á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia como departamento competente para o exercicio das funcións de Protectorado.

Neste mesmo ano 2006 e en xuntanza extraordinaria do Padroado da Fundación celebrada o día 7 de xullo, aprobouse unha nova modificación dos Estatutos da Fundación. Esta



modificación comprende, ademais da adecuación dos estatutos da Fundación as novidades legislativas do momento, o cambio de denominación, a ampliación dos fins e a modificación da estrutura dos órganos de goberno e directivos. Tal modificación foi elevada ao Consello da Xunta na súa reunión de data 22 de febreiro de 2007 na que, entre outros, se acordou "Autorizar a modificación dos estatutos da Fundación Galega para a Tutela de Adultos".

Por escritura notarial outorgada en Santiago de Compostela en data 22 de marzo de 2007, procédese a elevar a público a modificación dos estatutos da Fundación, procedéndose posteriormente á súa inscrición no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego.

A partir deste intre, a Fundación Galega para a Tutela de Adultos pasa a denominarse Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia (FUNGA), aos seus fins engádense actividades relacionadas co impulso da autonomía persoal e coa dependencia e, en base a tal ampliación, modifícase a súa estrutura diferenciándose dentro da Fundación dúas áreas de traballo, a área de tutela (encargada de todas as tarefas vencelladas ao exercicio dos cargos tutelares) e a área de dependencia (á que se lle encomendan todas aquelas actividades vencelladas coa dependencia e autonomía persoal).

No ano 2011 tramitouse un novo proceso de modificación estatutaria cos obxectivos principais de especializar á FUNGA nas tarefas tutelares, a modificación da composición do seu Padroado e o cambio da súa denominación, pasando a chamarse Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA).

Esta modificación foi acordada polo Padroado da FUNGA na súa reunión extraordinaria de data 3 de maio de 2011, foi autorizada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 12 de maio de 2011 e, tralos trámites e autorizacións pertinentes, elevada a público en data 8 de xuño de 2011 mediante escritura pública outorgada perante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia don Nelson Rodicio Rodicio co número 1342 do seu protocolo.

No ano 2012 iniciouse a tramitación dun novo proceso de modificación estatutaria co fin de adaptar a composición do Padroado da FUNGA ás modificacións que na estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia supuxo a entrada en vigor dos seguintes Decretos: Decreto 194/2011, do 20 de outubro; Decreto 197/2011, do 20 de outubro; Decreto 198/2011, do 20 de outubro; e Decreto 200/2011, do 20 de outubro. Tal



adaptación, que supuxo a modificación do artigo 13 dos estatutos da FUNGA, foi acordada polo Padroado da FUNGA na súa xuntanza ordinaria de data 13 de decembro de 2011, autorizada polo Consello da Xunta de Galicia en reunión de data 6 de setembro de 2012 e elevada a público e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego no mes de maio do ano 2013.

Unha nova modificación da estrutura orgánica da Xunta de Galicia no ano 2013 abrigou á FUNGA a tramitar un novo proceso de modificación estatutaria co fin de adaptar a composición do Padroado da FUNGA ás modificacións que na estrutura orgánica da Xunta de Galicia produciron a entrada en vigor do Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e do Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

Tal adaptación, que supuxo a modificación do artigo 13 dos estatutos da FUNGA (por ser o artigo que regula a composición do seu Padroado), foi aprobada polo Padroado da FUNGA na súa xuntanza extraordinaria de data 24 de abril de 2013, autorizada polo Consello da Xunta de Galicia en reunión de data 12 de decembro de 2013 e elevada a público o 19 de febreiro de 2014 para a súa posterior inscrición no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego.

Tras esta modificación, o Padroado estará integrado por 6 membros:

- Presidente/a: que será o/a titular do departamento da Xunta de Galicia con competencias nas materias que constitúen os fins fundacionais, que poderá ser substituído/a pola persoa que designe.
- Vicepresidente/a: que será o/a Director/a Xeral ou similar competente en materia de familia e inclusión.
- Vogais:
  - i. Secretario/a Xeral Técnico/a do departamento da Xunta de Galicia con competencias nas materias que constitúen os fins fundacionais.
  - ii. Secretario/a Xeral competente en materia de promoción da autonomía persoal e/ou dependencia.
  - iii. Director/a Xeral competente en materia de Saúde Mental.
  - iv. Director/a Xeral competente en materia de Xustiza.



## 2. SITUACIÓN TRAS A ÚLTIMA MODIFICACIÓN ESTATUTARIA

O Padroado da FUNGA, na súa xuntanza ordinaria de data 17 de decembro de 2019, aprobou un novo proxecto de modificación estatutaria motivada pola necesidade de adaptar a súa composición ás modificacións que na estrutura orgánica da Xunta de Galicia produciron a entrada en vigor do Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; do Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia; e do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Este novo proxecto de modificación estatutaria, que afectou ao artigo 13 dos estatutos da FUNGA por ser o artigo que regula a composición do seu Padroado, foi autorizado polo Consello da Xunta de Galicia o 9 de xullo de 2020, tras acadar os informes favorables previos preceptivos, e elevado a público por medio de escritura notarial de data 16 de decembro de 2020, para a súa posterior comunicación ao Protectorado de Fundacións e inscrición no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego.

Tras esta modificación, o Padroado estará integrado por 6 membros:

- a) Presidente/a: que será a persoa titular do órgano superior da Xunta de Galicia con competencias nas materias que constitúen os fins fundacionais, que poderá ser substituído/a pola persoa que designe.
- b) Vicepresidente/a: que será a persoa titular do centro directivo ao que figure adscrita a fundación.
- c) Vogais:
  - o Persoa titular da Secretaría Xeral Técnica do órgano superior da Xunta de Galicia con competencias nas materias que constitúen os fins fundacionais.
  - o Persoa titular do centro directivo con competencias en materia de promoción da autonomía persoal e/ou dependencia.
  - o Persoa titular do centro directivo con competencias en materia de Saúde Mental.
  - o Persoa titular do centro directivo con competencias en materia de Xustiza.



Ademais, o Padroado terá ao seu servizo un/unha secretario/a, que será designado polo/a presidente/a de entre o persoal funcionario do departamento con competencias nas materias que constitúen os fins fundacionais e que, con carácter preferente, pertencerá ao centro directivo ao que figura adscrita a fundación.

Actualmente, como consecuencia da entrada en vigor da Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, estase a traballar nunha nova modificación estatutaria co fin de executar a necesaria adaptación dos estatutos da fundación aos importantes cambios normativos introducidos pola referida Lei. Prevese que esta adaptación dos estatutos sexa unha realidade no exercicio 2023.

Dado que a adaptación estatutaria está en curso e que nesta memoria debemos facer alusión a diferentes artigos dos estatutos en vigor, atoparemos mencións e denominacións que non se adecúan ao promulgado na Lei 8/2021 e que debemos encadrar neste contexto.



### **3. FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA PARA A TUTELA DE PERSOAS ADULTAS (FUNGA).**

A **Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA)**, é unha entidade constituída pola Xunta de Galicia, de interese galego, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia que ten afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización dos fins de interese xeral que se expoñen polo miúdo no artigo 6 dos seus Estatutos.

Está rexida polo seu Padroado, composto na súa totalidade por Altos Cargos da Xunta de Galicia, sendo o principal órgano de xestión a Dirección-Xerencia.

- **FINALIDADE**

O obxectivo principal da FUNGA é a **protección xurídica e social das persoas maiores de idade e en situación de desamparo que teñan a súa capacidade de obrar modificada xudicialmente ou que se atopen incursas no proceso xudicial de modificación desta capacidade de obrar, a través do exercicio da tutela, curadoría, defensa xudicial ou da administración de bens.**

Tal obxectivo acadarase mediante o cumprimento dos fins de interese xeral que aparecen recollidos no **artigo 6 dos seus estatutos** e que se detallan a continuación:

“1- A protección xurídica, patrimonial e social das persoas maiores de idade coa capacidade de obrar modificada ou incursas nun proceso xudicial de modificación da capacidade de obrar, que se atopen en situación de desamparo, mediante:

- a) A atención e o exercicio da tutela e curadoría encomendadas á Fundación pola autoridade xudicial.
- b) A asunción de defensas xudiciais nos procesos de modificación da capacidade de obrar, así como o exercicio de cantas funcións determine a autoridade xudicial en medidas provisionais de defensa e protección persoal e patrimonial das persoas coa capacidade de obrar modificada e en situación de desamparo.
- c) Administrar os bens da persoa tutelada, de conformidade co disposto pola autoridade xudicial, actuando no seu beneficio baixo os principios de prudencia, conservación e mellora conforme ao previsto no Código Civil.



- 2- Facilitar o acceso ás actividades de asistencia, prevención, rehabilitación, reinserción, integración socio-laboral e formación, que favorezan a súa integración na comunidade.
- 3- Promover a realización, sexa directa ou indirectamente, de programas que faciliten o desenvolvemento social das persoas tuteladas.
- 4- Orientar e asesorar ás persoas que exerzan funcións tutelares e, en xeral, a todas aquelas persoas que demanden información.
- 5- Participar na formación de profesionais relacionados cos servizos sociais de atención ás persoas coa capacidade de obrar limitada.
- 6- Fomentar actividades de carácter educativo, técnico, científico e cultural no ámbito da protección xurídica e social das persoas maiores de idade coa capacidade de obrar modificada.
- 7- Impulsar actividades de divulgación e sensibilización social para fomentar o respecto aos dereitos das persoas maiores de idade coa capacidade de obrar limitada e a súa maior integración e normalización na sociedade.
- 8- Fomentar accións de patrocinio, solidariedade e financiamento no ámbito da tutela de adultos por parte de empresas e entidades públicas e privadas.”

Destacar que existen familias e incluso outros organismos que teñen a crenza errónea de que a FUNGA ten centros propios polo que solicitan que sexa esta a que asuma o apoio dos seus familiares para así acadarlles praza nun recurso residencial. A FUNGA non dispón de centros propios senón que ten que recorrer á rede pública de centros, nas mesmas condicións que os/as demais solicitantes.

- AMBITO DE ACTUACIÓN

O artigo 5 dos estatutos fundacionais concreta o ámbito territorial no que se desenvolverán as actividades da FUNGA, principalmente no ámbito territorial propio da Comunidade Autónoma de Galicia.



- BENEFICIARIOS/AS

As persoas beneficiarias dos servizos da FUNGA deberán reunir as seguintes condicións, todo elo de acordo co artigo 10 dos seus estatutos:

- a) Ser maior de idade.
- b) Residir na Comunidade Autónoma Galega.
- c) Ter a capacidade de obrar modificada xudicialmente ou estar incurso nun procedemento xudicial de modificación da capacidade de obrar.
- d) Estar en situación de desamparo, isto é, carecer de persoa no seu entorno familiar e social ou institución para o exercicio dos apoios determinados xudicialmente ou, de existir, que a autoridade xudicial determine que non son idóneas para o desempeño destas funcións.

Asemade, poderán ser beneficiarias as persoas que, sen estar incluídas nos apartados anteriores, precisen recursos de información, orientación, apoio, intervención e asesoramento individual ou comunitario nas materias propias do ámbito da Fundación.

Así, a FUNGA está a realizar unha importante función de asesoramento no seu ámbito a entidades, profesionais e familiares que requiren tal intervención.

- DOMICILIO

O domicilio social da Fundación radica en Santiago de Compostela (A Coruña), no Edificio Administrativo San Caetano.


Conta cunhas instalacións recentes e adaptadas para o seu equipo técnico, sitas no edif. administrativo CEGADI, R/ Queixume dos Pinos 2, 15705, Santiago Compostela.

O número de teléfono xeral é o 981 95 71 12 e o correo electrónico [funga@xunta.gal](mailto:funga@xunta.gal).



- ESTRUTURA ORGANIZATIVA E RECURSOS PERSOAIS

A estrutura organizativa da FUNGA responde ao seguinte organigrama:



**Os recursos humanos cos que contaba a fundación a data 31 de decembro de 2022 estaban dotados de 27 traballadores/as, que se detallan no seguinte cadro:**

DIRECCIÓN	1 Director/a Xerente 1 Coordinador/a.
DEPARTAMENTO XURÍDICO-PATRIMONIAL	8 asesores/as xurídicos/as.
DEPARTAMENTO SOCIAL	7 traballadores/as sociais
DEPARTAMENTO ADMINISTRATIVO	6 administrativos/as de 1ª 4 administrativos/as de 2ª

Tal e como se pode comprobar no anterior cadro, os recursos persoais da FUNGA estaban compostos por **27 persoas** divididas na dirección e tres departamentos interdisciplinarios:



- DEPARTAMENTO XURÍDICO-PATRIMONIAL: Este departamento está **composto por oito asesores/as xurídicos/as** dos cales seis realizan tarefas de asesoría xurídica xeral e dúas tarefas de contido patrimonial, é dicir, que na práctica e como método de organización do traballo, existen dúas subdivisións dentro deste departamento diferenciadas pola natureza do traballo que se deriva a cada unha delas e polas funcións concretas que desempeñan:
  - Asesoría Xurídica Xeral: Ten encomendadas as seguintes funcións:
    - Solicitud de particulares aos Xulgados.
    - Traslado á Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia de expedientes.
    - Elaboración dos inventarios de bens.
    - Acreditación do apoio exercido pola FUNGA ante as entidades bancarias nas que as persoas con discapacidade teñan produtos financeiros.
    - Contestar aos requirimentos efectuados polo Xulgado.
    - Solicitud de autorización xudicial de ingreso involuntario, así como dos auxilios pertinentes.
    - Comunicar ao Xulgado os cambios de domicilio das persoas con discapacidade, así como calquera outra incidencia da súa vida que deban coñecer estes.
    - Poñer en coñecemento do Xulgado e das forzas e corpos de seguridade a desaparición, non localización e posterior localización dalgunha das persoas con discapacidade que conten co apoio da FUNGA neste aspecto residencial.
    - Solicitar as autorizacións xudiciais pertinentes no exercicio do apoio que se exerza, de acordo co establecido na normativa aplicable.
    - Solicitud de retribucións, sempre que se cumpran os requisitos legalmente establecidos.
    - Elaboración e presentación das rendicións anuais e rendicións xerais xustificadas de contas preceptivas.
    - Presentación de recursos.
    - Asistencia a xuízos.



- Estudio da situación patrimonial da persoa con discapacidade e traslado do mesmo á asesoría xurídica patrimonial.
  - Atender os asuntos xurídicos (penais, civís, etc.) das persoas con discapacidade, solicitando, no caso de ser preciso, o beneficio da xustiza gratuíta.
  - Atender ás consultas telefónicas e presenciais.
  - Comunicacions os organismos oficiais que correspondan o falecemento das persoas con discapacidade.
  - Contacto persoal e telefónico co persoal dos Xulgados co fin melloralo seguimento dos procedementos xudiciais.
- Asesoría Xurídica Patrimonial:
    - Participación na xestión das herdanzas nas que estean interesados as persoas con discapacidade, mediante:
      - Investigación das datas de defunción do/a causante e matrimonio, se existe.
      - Investigación dos/as familiares interesados/as na sucesión.
      - Investigación do patrimonio obxecto da herdanza.
      - Solicitud de certificados aos rexistros civís e últimas vontades.
      - Se existe testamento, solicitude do mesmo.
      - Preparación nas Notarias das distintas escrituras en función da situación existente ( se hai testamento ou non )
    - Tramitación de divisións xudiciais de herdanzas.
    - Intervención nos procedementos de liquidación de sociedades de gananciais.
    - Tramitacións dos procedementos de vendas de bens nos casos precisos, o que supón:
      - Localización física do ben.
      - Peritaxe do mesmo.
      - Tramitación do procedemento xudicial establecido para acadar a autorización xudicial preceptiva.
      - Localización de potenciais compradores así como dar traslado das ofertas presentadas polos mesmo ao Xulgado competente.
      - Tramitación da venda e de toda a documentación, privada e pública, vencellada á mesma.



- DEPARTAMENTO SOCIAL: Este departamento está **composto por sete traballadoras sociais** e ten encomendadas as seguintes funcións:
  - Atención persoal e directa dos/as beneficiarios/as coa finalidade de coñecer a súa situación persoal.
  - Desprazamentos ós domicilios das persoas ou centros residenciais.
  - Realización do informe social pertinente e valoración social do caso.
  - Proposta do plan de actuación social.
  - Xestión e tramitación de todo tipo de recursos sociais ( públicos ou privados) encamiñados á integración, promoción da autonomía e consecución do benestar das persoas con discapacidade, tales como:
    - Solicitud de prestacións e axudas así como de prazas en centros residenciais.
    - Tramitación de recursos como servizos de axuda a domicilio.
  - Realización de cantos informes sociais sexan solicitados por institucións e organismos ( xulgado, fiscalía, residencias, centros de diversa tipoloxía, etc.).
  - Traballo directo coa persoa con discapacidade, o que se concreta en:
    - Realizar visitas periódicas o domicilio para valorar e intervir na situación social e/ou familiar e incluír as variables necesarias.
    - Manter contacto telefónico, persoal e postal.
    - Atención de todo tipo de demandas que podan formular: afectivas, económicas, de apoio, consultas, etc.
    - Dar apoio en determinados aspectos da vida diaria.
  - Propoñer sobre a distribución dos recursos económicos (pensións, aforros...) segundo as necesidades de cada persoa e explicarlles dita situación.
  - Propoñer ingresos en recursos tanto de tipo sanitario como residencial, se así se considera oportuno, así como valorar a conveniencia de manter dito internamento en determinadas ocasións.
  - Informar, asesorar e prestar apoio a nivel social ós familiares das persoas con discapacidade en temas relacionados co exercicio dos apoios.



- Informar e asesorar sobre aspectos sociais dentro do ámbito de actuación da fundación a outros profesionais.
- DEPARTAMENTO ADMINISTRATIVO: Está **formado por dez traballadores/as** e ten encomendadas as seguintes funcións:
  - Xestión das contas bancarias das persoas, cando proceda, o que supón:
    - Control de tódolos movementos bancarios existentes nas contas, tanto ingresos como cargos.
    - Seguimento das inversións realizadas polas persoas de forma previa á provisión do apoio (valores, accións, contas de aforro...).
    - Realización de estudos e propostas de inversión dos aforros dos/as beneficiarios/as (en produtos financeiros sen risco algún para o patrimonio investido, tales como contas de aforro a prazo fixo) e seguimento da evolución destes produtos financeiros.
    - Actualización permanente de toda a información económico –financeira dos/as beneficiarios/as.
  - Redacción de ordes de pago e autorización de cargos ou domiciliacións así como o control da correcta execución dos mesmos.
  - Identificación de todos os gastos e ingresos correntes e regulares, tanto os existentes de forma previa á asunción do apoio pola FUNGA como os xerados posteriormente, vixiando a súa correcta execución, así como informar sobre a súa necesidade propoñendo, no seu caso, a suspensión dos mesmos.
  - Facer un seguimento do axeitado cumprimento das obrigas fiscais por parte das persoas con discapacidade.
  - Atención telefónica aos/ás beneficiarios/as, familiares e interesados/as con relación aos temas de contido administrativo.
  - Atención da centraliña telefónica.
  - Recibimento das persoas que acoden ás oficinas da Fundación.
  - Xeración e organización dos expediente, tanto de xeito físico como informático.
  - Registros de entrada e saída de documentación.



- ORGANIZACIÓN INTERNA DO TRABALLO

Dado que as tarefas dos distintos departamentos son interdependentes (todas as persoas precisan da intervención de profesionais de cada un dos tres departamentos), non se pode concibir un funcionamento illado e independente de cada un deles, sendo imprescindible que actúen de xeito coordinado e baixo unha comunicación permanente. Deste xeito, o método empregado para ligar aos tres departamentos é a creación de equipos multidisciplinares formados por membros dos tres departamentos, equipos que deste xeito prestarán unha atención íntegra.

Existen así **seis equipos multidisciplinares**, empregándose como parámetro para a distribución e adxudicación do traballo entre estes equipos o criterio territorial (en función da localización do Xulgado que entendeu do procedemento de provisión das medidas de apoio e ditou a correspondente resolución).

Fora destes seis equipos, existen unha serie de profesionais non vinculados/as por este criterio territorial e que realizan as súas funcións como parte dos seis equipos multidisciplinares, a saber: dúas asesoras xurídicas vencelladas á parte patrimonial do departamento xurídico, unha traballadora social dedicada principalmente á tramitación de pensións e das xestións relacionadas coa lei de dependencia e catro administrativos/as.



#### **4. ACTIVIDADE DA FUNGA DURANTE O EXERCICIO 2022**

Dentro deste punto analizaremos a actividade executada pola Fundación durante o exercicio 2022, encadrando as accións concretas levadas a cabo en tres grupos de actuacións en función do contido da acción realizada. Estes tres grupos son:

- A- Accións vencelladas directamente aos fins da Fundación (artigo 6 dos estatutos).
- B- As actividades fundacionais, definidas polo artigo 7 dos estatutos como aquelas levadas a cabo para a consecución dos fins mencionados no artigo 6 dos estatutos, ben por iniciativa privada da Fundación ou en colaboración con terceiros.
- C- Accións de xestión interna da Fundación, que teñen como finalidade alcanzar unha xestión eficiente dos recursos dispoñibles.

- ACCIÓNS VENCELLADAS DIRECTAMENTE AOS FINS DA FUNDACIÓN
  - Medidas de apoio a persoas con discapacidade para as que foi nomeada a FUNGA ano 2022

Segundo coa evolución histórica e tendencia rexistrada dende o mesmo inicio da actividade da fundación, o número de persoas con discapacidade que recibiron os apoios prestados por esta Fundación segue sendo considerable, debido fundamentalmente ó desarraigo familiar e ao envellecemento da poboación.


No seguinte cadro expónse a evolución anual do número de persoas con discapacidade con apoio da FUNGA nos últimos anos, diferenciándose polo tipo de apoio que se lles presta.




MEDIDAS DE APOIO	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
CURADORÍAS REPRESENTATIVAS	1114	1198	1358	1516	1678	1790	1776	1844	1946	1927	2006	2091
CURADORÍAS	140	177	204	232	259	294	332	369	416	443	504	510
DEFENSAS XUDICIAIS	400	485	588	588	631	715	696	891	891	406	411	418
ADM. BENS	11	11	17	28	37	39	39	40	37	51	45	39
PRETUTELAS	141	144	155	157	164	172	170	181	84	46	51	56
<b>TOTAL ACTIVOS</b>	<b>1806</b>	<b>2015</b>	<b>2322</b>	<b>2521</b>	<b>2769</b>	<b>3010</b>	<b>3013</b>	<b>3325</b>	<b>3374</b>	<b>2873</b>	<b>3017</b>	<b>3114</b>
FALECIDOS	92	110	112	138	151	151	211	158	188	211	246	234
BAIXAS	68	87	116	116	113	88	127	136	288	560	314	114
<b>TOTAL</b>	<b>1966</b>	<b>2212</b>	<b>2550</b>	<b>2775</b>	<b>3033</b>	<b>3249</b>	<b>3351</b>	<b>3619</b>	<b>3850</b>	<b>3644</b>	<b>3577</b>	<b>3462</b>


Con respecto aos datos contidos na anterior táboa, debemos especificar que se refiren ao peche de cada exercicio, é dicir, a data 31 de decembro de cada ano. Sendo isto así, o número de beneficiarios/as existentes no inicio de cada exercicio (01 de xaneiro) correspóndese co número de "total activos" do ano anterior reflectidos na táboa, é dicir, o número total de beneficiarios/as a 31 de decembro do ano anterior descontando as persoas falecidas ou que causaron baixa por outros motivos. Deste xeito, **o incremento do número de persoas con discapacidade ás que a FUNGA lles presta apoio experimentado no ano 2022 cífrase en 445 persoas** (diferencia entre as 3.017 persoas existentes a data 01/01/2022 e as 3.462 a data 31/12/2022).

Na seguinte gráfica reflíctese o incremento anual do número de persoas beneficiarias da FUNGA experimentado dende o ano 1997:



A distribución xeográfica provincial das persoas beneficiarias correspóndese co exposto nas seguintes gráficas:





- Accións de formación, información, divulgación e sensibilización dos dereitos das persoas maiores de idade coa capacidade de obrar modificada.

Co fin de fomentar o coñecemento que tanto os profesionais do sector como a poboación en xeral teñen da FUNGA e das súas funcións e de todo o referido ao proceso xudicial de provisión de medidas de apoio ás persoas con discapacidade para o exercicio da súa capacidade xurídica, das figuras de apoio e dos dereitos das persoas maiores de idade con discapacidade, a FUNGA facilitou información e asesoramento a un importante número de persoas que se interesaron por esta realidade, tanto nas instalacións da fundación como acudindo aos actos formativos e informativos aos que foi convidada.



- ACTIVIDADES FUNDACIONAIS
  - Acordos e convenios de colaboración

Durante o período analizado a FUNGA mantivo varios acordos e convenios de colaboración con distintas entidades:

1º- Convenio de colaboración asinado coa "Fundación Santiago Apostol de Ciencias Sociales" (entidade xurídica responsable da Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela) para o desenvolvemento da formación na FUNGA do alumnado de traballo social mediante a realización do pertinente programa de prácticas.

2º- Convenio de colaboración asinado coa "Fundación Dorzán" para a asignación de prazas residenciais a persoas con discapacidade con apoio da FUNGA sen recursos.

3º- Convenio de colaboración asinado coa "Fundación Aldaba" para participar no proxecto de voluntariado a través de equipos de proximidade para facilitar asistencia e colaboración a persoas con discapacidade, desenvolvido pola "Fundación Aldaba" na Comunidade Autónoma de Galicia.

4º- Convenio de colaboración co COTSG (Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia) para o emprego da quenda de servizos profesionais independentes.

- Establecemento de acordos e protocolos con diversos centros residenciais para mellorar, facilitar e axilizar os ingresos e atención dos tutelados/as.



- ACTUACIONES DE XESTIÓN
  - Actualización da páxina web.
  - Arquivo dixital:

Durante o ano 2022 continuouse coa promoción da dixitalización da documentación e do seu arquivo, acadándose importantes reducións de consumo de papel así como do espazo físico necesario para o proceso de arquivo.

- Arquivo físico:

Neste exercicio continuouse coa mellora do arquivo físico, en atención ás necesidades da Fundación.

- Implantación do Sistema de Calidade:

Durante o ano 2022 continuouse coa aplicación das actividades enmarcadas no Sistema de Calidade na FUNGA, actividades que consistiron na aplicación dos manuais, procedementos, rexistros e protocolos existentes así como na súa renovación, co obxectivo de facilitar e simplificar o traballo e mellorar o servizo prestado pola FUNGA aos/ás seus/súas usuarios/as.



## 5. CONCLUSIÓNS.

Tal e como nos indican os datos e gráficos contidos na presente memoria, no exercicio 2022 **incrementouse o número de persoas con discapacidade que recibiron o apoio prestado pola FUNGA en 445 novas persoas**. Tal incremento debemos poñelo en valor posto que constitúe a principal función da fundación, pero tamén debemos destacar o importante número de persoas que tamén foron neste período beneficiarias doutras actuacións levadas a cabo pola FUNGA. Así, debemos destacar:

- As colaboracións levadas a cabo con diversas entidades e asociacións.
- A actividade de asesoramento, presencial ou telefónico, que dende a FUNGA se veu prestando ao longo do ano 2022 a todas aquelas persoas que requiriron este servizo, tales como profesionais relacionados con este ámbito (profesionais do eido social, xurídico, financeiro...), familiares de persoas con discapacidade ou incursas no proceso xudicial de provisión de apoios, familiares de persoas susceptibles de ser obxecto deste proceso por existir indicios de ser precisa tal actuación, etc.

Para a execución de todas estas actividades e chegar a un número tan amplo de beneficiarios/as, foi necesario o gran esforzo realizado polo persoal da Fundación, a aplicación eficiente dos recursos cos que contou a Fundación durante o período, o emprego de ferramentas tales como a páxina web (para facilitar o acceso á información ás persoas que optaron por este medio para aclarar as súas dúbidas e curiosidades), e o fomento do emprego no traballo diario de instrumentos que o axilicen e racionalicen, tales como o arquivo dixital, o seguimento dun Sistema de Calidade, etc.

É indiscutible a necesidade e incidencia de todas estas medidas nos resultados obtidos, pero tamén debemos destacar a importantísima colaboración que se logrou de distintos entes e institucións, tanto públicos coma privados, instrumentalizada a través de acordos e convenios de colaboración ou simplemente non formalizada pero igual de valiosa e imprescindible.

Podemos resumir o labor da FUNGA no intento de mellorar a protección e calidade de vida daquelas persoas que, por determinadas circunstancias, precisan dunha serie de apoios para mellorar a súa situación vital, pero resulta obvio que tal obxectivo, polo seu



alcance, non pode ser acadado unicamente coa actuación individual dun organismo concreto, senón que require da actuación conxunta e coordinada de todos os entes e institucións implicadas ou con competencias neste ámbito, razón pola cal se valora tan positivamente a actuación conxunta, a colaboración e traballo en equipo desempeñado durante este exercicio.

A FUNGA sitúase, deste xeito, como referente no eido do exercicio de medidas de apoio ás persoas con discapacidade maiores de idade nosa Comunidade, tanto mediante o exercicio directo dos apoios a aquelas persoas que se atopan en situación de desamparo, tras o oportuno nomeamento xudicial, como a través dos servizos de formación, información e asesoramento que presta a todas aquelas persoas vencelladas a esta realidade, entre os/as que se atopan diversos/as profesionais e persoas físicas e xurídicas que están a exercer estes apoios de forma independente.

Por todo elo podemos afirmar que a FUNGA desempeña unha función **necesaria e indispensable** na nosa sociedade, pois sen a mesma non existiría figura similar que puidese asumir de forma xenérica as medidas de apoio encomendadas, posto que, aínda que existen outras entidades con este mesmo cometido na nosa Comunidade, teñen delimitados/as os/as seus/súas potenciais beneficiarios/as a aquelas persoas cun perfil determinado. Máis aínda, tendo en conta que a previsión para os vindeiros anos é que se siga con esta progresión e que se incremente o número de persoas que precisen da prestación deste tipo de medidas de apoio, debido fundamentalmente ao envellecemento da poboación galega e ao aumento do número de persoas diagnosticadas de enfermidades mentais, todo isto agravado polo desarraigo familiar existente na nosa sociedade en relación con estes sectores de poboación.